

DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS DE IDADE

Un ano de vida en 'Maiores Milladoiro'

A residencia de Ames, que cumpreu o seu primeiro aniversario o pasado 16 de setembro, é un exemplo na atención os maiores



C.P.

Residencia 'Maiores Milladoiro'

MARIO FAJARDO
Santiago

Hoxe, 1 de outubro, celébrase o Día Internacional das Persoas de Idade, unha xornada na que se pon de manifesto a importancia de recoñecer ás persoas maiores como protagonistas e non só como destinatarias de coidados. Baixo o lema *As persoas de idade impulsan a acción local e mundial: as nosas aspiracións, o noso benestar e os nosos dereitos*, a ONU lembra que o envellecemento da poboación require políticas inclusivas, coidados de calidade e un cambio de mirada cara ao papel activo dos maiores na sociedade.

Ese recoñecemento tradúcese en

proxectos locais como a residencia Maiores Milladoiro, que o pasado 16 de setembro cumpriu o seu primeiro aniversario. O centro conta con 59 prazas, atendidas por un equipo de 42 profesionais. A súa codirectora, Paula Guzmán, fai un balance moi positivo: «Estamos moi contentos coa evolución deste ano, coa acollida e coa confianza das familias, coas que se crea un vínculo importante».

A filosofía do centro baséase en ofrecer unha atención próxima e familiar, ao

tempo que garante seguridade e servizos especializados. Maiores Milladoiro dispón de médico propio, enfermería, fisioterapia e rehabilitación, ademais de podoloxía, hospitalización a domicilio e unidade de psiquiatría. A parte sanitaria complétase con apoio social, transporte adaptado, salón de peiteado, lavandería e limpeza, así como acompañamento a hospitais cando é necesario.

Xunto a iso, os residentes contan con aula multimedia, conexión a internet, un amplo programa de animación e excursións, ademais de eventos con participación das familias. Todo iso, explica Guzmán, «ten un obxectivo moi claro: fomentar un envellecemento activo e saudable, ofrecendo comodidade, acompañamento e actividades adaptadas aos intereses de cada persoa».

«Temos un obxectivo claro, que é fomentar un envellecemento activo e saudable»

Un dos puntos máis valorados do centro é o seu amplo xardín e as zonas verdes, que permiten tanto o descanso como a realización de actividades ao aire libre. A súa localización no Milladoiro facilita tamén a integración co contorno e co propio Santiago, onde está programada unha saída á Alameda e á zona vella coincidindo coa celebración do Día Internacional das Persoas Maiores.

Neste 1 de outubro, cando a ONU lembra que as persoas maiores son titulares de dereitos e impulsoras de cambios sociais, experiencias como a de Maiores Milladoiro demostran que esa filosofía pode facerse realidade cada día. Un centro que, no seu primeiro ano de vida, xa é un exemplo local de como acompañar ás persoas maiores con dignidade, benestar e participación social.

Innova Senior, centro de día

Centro de día

Ayuda a domicilio

Rehabilitación física

Unidad de memoria

604 022 118

Info@innovasenior.com

Rúa da Senra, 25 baixo
15702 Santiago de Compostela

DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS DE IDADE

As residencias que coidan aos nosos maiores

Centros como La Paz ou Puentevea son exemplos destacados para a atención das persoas maiores



Exterior da Residencia La Paz

MARIO FAJARDO
Santiago

Con motivo da celebración do Día Internacional das Persoas de Idade, ponse de manifesto a importancia de reforzar os sistemas de aten-

ción e coidados para as persoas maiores, así como o papel fundamental que desempeñan as residencias nestes cometidos. Segundo os datos do INE, no ano 2024 Galicia era a segunda comunidade de España máis envelle-

C. P.

cida, só por detrás de Asturias. E é que a comunidade galega contaba cunha taxa do 224%, é dicir, contabilízanse 224 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 15. Este aumento da idade, fai que a demanda de servizos de coidados para os máis maiores aumente ano tras ano. Proba disto é que en Galicia hai na actualidade máis de 350 residencias repartidas por toda a comunidade. Deste xeito, en centros como a Residencia La Paz en Outes ou a Residencia de Puentevea, o compromiso co benestar e a dignidade das persoas maiores é unha prioridade diaria. No caso da Residencia La Paz brindan unha asistencia individualizada para os usuarios, contando cun persoal altamente cualificado e un ambiente acoledor e familiar. A residencia érguese nun gran entorno tranquilo e relaxado, cunhas instalacións de 1000 metros cadrados e unha parcela de 5000 metros cadrados de zonas verdes, un espléndido



Exterior da Residencia Puentevea

xardín en plena natureza no que descanzar e gozar. Ademais, as modernas e confortables instalacións do centro, adaptadas tamén para todas as necesidades, convirten a residencia La Paz nun exemplo de compromiso co benestar e a atención dos maiores. Outra opción é a que brindan as instalacións da Residencia Puentevea, que presta os seus servizos no concello de Teo, onde comezou a súa actividade no ano 1988. Dende entón, o seu obxectivo foi claro: ser un centro xeriátrico á altura dun verdadeiro fogar, ofertando unha ampla variedade de servizos de alto nivel para persoas maiores e dependentes. A amplitude das instalacións, 10000 metros cadrados, permite cubrir as necesidades de todo tipo de persoas maiores. O envellecemento da poboación

en Galicia, como en moitas outras rexións como Asturias ou Castela e León, require dunha resposta eficaz e coordinada. É por iso que as residencias de maiores xogan un papel fundamental neste desafío, e centros como La Paz ou Puentevea son chaves para asegurar que as persoas maiores reciban a atención e os coidados que merecen. Neste Día Internacional das Persoas de Idade, faise un chamamento a reforzar estes sistemas de atención e a valorar a contribución de quenes coidan aos nosos maiores na nosa sociedade. Asimesmo, estas residencias son un exemplo do esforzo por ofrecer unha atención de calidade, pero tamén recordan que aínda queda moito por facer para mellorar os sistemas de atención e garantir que todas as persoas maiores poidan envellecer con dignidade.

CENTRO GERIÁTRICO

Residencia Puentevea
www.residenciapuentevea.com

981 80 91 58

Siente que estás en casa

residencia amboage
GRUPO PONTEVEA

986 28 99 99

Dos razones de peso para formar parte de la familia La Paz

Asistencia individualizada para los usuarios, **personal** altamente **cualificado** y ambiente **acogedor** y totalmente **familiar**.

Entorno **tranquilo** y relajado con un gran número de zonas verdes donde poder **descansar** y pasear a gusto y **disfrutar** de la naturaleza y el buen tiempo.

CENTROS DE MAYORES LA PAZ - OUTES

981 765 570
Crucero de Roo - Lagoa, 2 • Outes • gerencia@lapazservicios.com • www.lapazservicios.com

DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS DE IDADE

Innova Senior: un espazo de vida activa na terceira idade

O centro combina coidado, rehabilitación e actividades personalizadas para promover a autonomía e o benestar nas persoas maiores

MARIO FAJARDO
Santiago

En pleno corazón de Santiago de Compostela atópase Innova Senior, un centro de día que vai máis alá do concepto tradicional. A súa filosofía é clara: poñer as persoas maiores no centro, ofrecendo un espazo onde se coidan, se respectan e se valoran as súas decisións e proxectos de vida. «O importante para nós é cada persoa», explica Sandra Alvite, xerente do centro. «Queremos dar resposta e apoio a todo aquilo que cada persoa necesita e quere».

O obxectivo de Innova Senior é mellorar o benestar das persoas usuarias mediante un modelo multiservizo, que combina a atención no propio centro con programas de rehabilitación física e cognitiva e servizos de axuda a domicilio. Isto permite ofrecer unha resposta flexible ás diferentes necesidades, respectando sempre a autonomía de cada persoa.

Un dos servizos máis innovadores

é a unidade de vida activa, pensada para persoas totalmente independentes que queren manterse activas e desenvolver o seu día con actividades significativas. «Adaptamos obradoiros de estimulación cognitiva, actividade física, novas tecnoloxías ou manualidades ás preferencias e capacidades de cada persoa», explica Alvite.

Para aqueles que buscan unha rutina diaria máis ampla, o centro de día permite estancias desde tres horas ata xornada completa, con servizo de comedor propio e un equipo multidisciplinar que potencia tanto as capacidades cognitivas como físicas. Ademais, a oferta complétase con servizos de rehabilitación individualizada e a unidade de memoria, que traballa atención, memoria e funcións executivas mediante sesións adaptadas a cada persoa.

Para quen prefira recibir coidados na súa propia casa, Innova Senior ofrece atención a domicilio básica ou especializada, contando con profesionais en fisioterapia, terapia ocupacio-

nal e enfermía. «Buscamos que todas as persoas poidan acceder a servizos personalizados, tanto no centro como no seu domicilio, mantendo a independencia e a calidade de vida», subliña Alvite.

A filosofía do centro complétase coa metodoloxía *housing*, que crea un ambiente familiar e acolledor. Os usuarios poden levar obxectos persoais e integrarse en pequenos grupos que funcionan como unidades familiares, reforzando a sensación de fogar e pertenza. Con máis de 500 metros cadrados, distintas salas de actividades e un xardín exterior, Innova Senior ofrece un espazo cómodo e estimulante para envellecer con dignidade.

Con 90 persoas usuarias e un equipo de 25 profesionais especializados, Innova Senior convértese nun referente en Santiago de Compostela no coidado, acompañamento e desenvolvemento activo das persoas maiores, demostrando que é posible combinar profesionalidade, autonomía e calidade de vida nun mesmo espazo.

C. P.



Un grupo de persoas maiores facendo actividades no centro de día.



Dúas persoas maiores nunha sesión de servizos de unidade de memoria.

**RESIDENCIA
DE MAYORES**
MILLADOIRO

▲ Rúa Sendón
15229 AMES
(A Coruña)
■ 618 450 241

**Cuidando de las personas
mayores en un
entorno envidiable**

Ven a visitarnos!

**Atención individualizada las 24 h.
Habitaciones individuales y
dobles.**

Cocina propia.

**Entorno al aire libre,
con vistas y parque biosaludable.**

**Servicio médico, enfermería,
fisioterapia,
y podología.**

**Actividades de estimulación
cognitiva.**

Animación socio cultural.

Respiro familiar.

Plazas privadas.

**TRAMITAMOS
LEY DE DEPENDENCIA**

